

O CASTELO EMBRUXADO

Nunha aldea de trinta habitantes só había dous nenos. Eran irmáns e chamábanse Lucas e Cristina. Eles estaban acostumados a traballar no campo cos seus país e os seus avós.

Un día ao xantar os avós preguntáronlles se nunca visitaran o vello Castelo, e os nenos díxéronlles que non. Os avós animáronos a ir e os nenos aceptaron. Pola mañá seguinte os nenos levantáronse cedo e emprenderon o camiño para o Castelo.

O Castelo era xigante, notábase que alguén rica e con moito poder viviu alí. Os nenos entraron e foron mirando pouco a pouco o Castelo, alí botaron tres ou catro horas e cando baixaban as escaleiras oíron unha voz que dicía:

- Non saíades, ides quedar aquí para sempre, iades morrer!

Os nenos asustáronse moito e comezaron a correr pero cando chegaron á porta ... pechouse!!! Quixeron romper os cristais pero foi inútil: os obxectos rebotaban e non se rompían. Cristina chamou polo teléfono móbil pero non había cobertura.

De súpeto comezaron a aparecer mesas voando e caíanlles sobre as cabezas. Lucas preguntoulle:

- Qué che fixemos nós para que ti nos fagas isto!

A voz do Castelo contestoulles:

- Fai millóns de anos que estou aquí e vós sodes a primeira visita que teño.

Os nenos preguntáronlle o por qué e o Castelo díxolles:

- Cando me construíron os pobos veciños estaban en guerra e a xente tiña medo de saír á rúa.

Os nenos correron e subiron as escaleiras, entraron nun cuarto onde había moitos libros e pecharon a porta, comezaron a buscar unha saída e encontrárona. De súpeto unha parede deuse a volta e apareceu unha porta, abrírona e foron camiñando polo pasillo cheos de medo, chegaron a unha habitación onde había un papagaio que lles dixo:

- Benvidos!

Eles tamén o saudaron e contáronlle a súa preocupación. O papagaio díxolles que el sabía a saída pero para saír tiñan que encontrar un baúl cunha chave dentro, o baúl estaba a tres pasos norte, vinte pasos leste e nove oeste.

Os nenos encontraron o baúl pero estaba pechado. Os nenos leváronlle o baúl o papagaio e este díxolles a pista para encontrar a chave que abría o baúl. O enigma era así:

- “Nun armariño estou agochada entre dous xarróns”

Lucas decatouse que na sala onde estaba a televisión había un armario con dous xarróns iguais. Cando encontraron a chave déronlla ao papagaio, todos xuntos abriron o baúl, encontráronse cun sobre e dentro a chave.

O papagaio díxolles:

- Tédesme que acompañar e eu guiareivos o camiño. Entraron nun cuarto baleiro onde só había unha planta ao lado da ventá.

O papagaio tirou a chave á terra da planta é ela tragouna, a planta comezou a falar:

- Tedes tres desexos. Cales son?

Lucas comezou a falar:

1. Saír do Castelo.
2. Que non exista o Castelo nunca máis.
3. Que todos os veciños da aldea teñan unha vivenda mellor.

A planta concedéulle-los pero antes converteu o baúl en ouro.

O Castelo desapareceu e eles apareceron na súa casa. Lucas e Cristina levaron o papagaio e a planta para as súas casas.

Á mañá seguinte todos tiñan unha vivenda mellor e maior. Os nenos repartiron o diñeiro entre todos os veciños da aldea e co resto que sobrou mandaron facer edificios para que aquilo xa non fose unha aldea e fose un pobo.

De alí a dous anos os nenos xa ían á escola todas as mañás, os país tiñan un traballo na fábrica, o pobo elevouse grazas aos turistas e todos vivían tranquilos e moi contentos co que tiñan

Yasmina PARDO GONZÁLEZ
1º E.S.O. A
I.E.S. Cabo Ortegá (Cariño)
1º PREMIO DA 1ª CATEGORÍA